

# OllOs

## de aula

ANO I - Nº 4 - Fevereiro 2013

Revista para as familias do alumnado



Cando  
empezar a  
aprender  
unha lingua  
estranxeira?

As sentenzas  
sobre o  
decreto para o  
plurilingüismo


Aprobar ou  
aprender




Non perdas  
[www.osbolechas.com](http://www.osbolechas.com).  
Entra cos teus fillos/as,  
rexístrate e goza con  
eles das actividades  
que ofrece a páxina.  
Tamén poden seguielos  
na web da CRTVG  
<http://ir.gl/c9502b>



O 2013 será o Ano de  
Rosalía ao cumprirse  
os 150 anos da  
publicación do seu  
libro *Cantares gallegos*.




Tes todo o material  
para gozar do entroido  
co teu fillo/a (caretas,  
disfraces, xogos...) en  
<http://ir.gl/5acfb6>



Busca e descarga todo o  
software libre que desexes  
dende a web do Proxecto  
Trasnó. <http://trasno.net/>



Es afeccionado/a ao  
deporte? Non deixes de  
visitar <http://taboas.org/>  
e de ler *Zona press*, a  
primeira revista en galego  
dedicada ao baloncesto  
<http://ir.gl/c4e3bb>



Dos orzamentos  
da Xunta para o  
2013 unicamente  
un 0,06% estará  
destinado á lingua.  
O gasto supón un  
66% menos ca hai 20  
anos.

Ilustración portada: Sonia Outes  
Revista editada pola CGENDL  
[www.coordinadoraendl.org](http://www.coordinadoraendl.org)  
[ollosdeaula@gmail.com](mailto:ollosdeaula@gmail.com)

# A pregunta

## Cando deberían empezar os nenos/as o contacto cunha lingua estranxeira?



Responde: José Manuel Vez Jeremías

[Catedrático e profesor da Área de Didáctica da Lingua e da Literatura da Universidade de Santiago]  
[Director do Observatorio Atrium Linguarum]

Non existe resposta *precisa* ("aos 4", "aos 6") porque falamos dunha *lingua* e de *persoas* que interactúan cognitivamente e tamén de xeito ambiental (ecolóxico). Esa é a cuestión, moi semellante á de cando empezar a lectura. Cada neno/nena é un individuo único. Os seus trazos particulares de desenvolvemento cognitivo e o xeito en que interacciona co medio afectan ao éxito/fracaso dun contacto precoz cunha lingua diferente á propia.

O que, con seguridade, podemos dicirlles ás familias é:

- a) O primeiro contacto cunha lingua estranxeira debe ser unha *aprendizaxe incidental*: 'aprendela sen intención de facelo'. Igual que os rapaces ao chegar á casa pintan, len, xogan, etc., tamén poden dedicar uns minutos a *escoitar* inglés, francés, portugués, etc.
- b) A aprendizaxe dunha lingua non se produce na aula do colexio. Ten lugar no cerebro dos rapaces (*escoitando*, sen pensar na fala), aínda que a aula axuda a que isto ocorra.
- c) Pero o seu cerebro está inmerso nun ambiente. Por iso axuda o *ambiente amable* do *contacto oral* coa lingua a través de películas non dobradas, de escoitar radios estranxeiras, de xogos telemáticos noutras linguas, de uso interactivo real (en liña/en presenza) con rapaces da súa idade que aprenden a mesma lingua noutros países, etc.

Aprendemos unha lingua como os animais aprenden o bosque, como as plantas aprenden o solo: en interacción co medio. A mellor idade de comezo indícanola a existencia dese medio e o desexo dos rapaces de mergullarse nel.



**A controvertida aprobación do decreto para o plurilingüismo en 2010 anunciaba que esta norma, que rompía a cunha traxectoria de consenso nas principais normas lingüísticas, tiña serios problemas. As sentenzas do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, declarando ilegais os preceptos centrais do decreto, deben servir para abrir novos camiños que garantan que o ensino cumpre a súa función de formar estudantes que coñecen ben as dúas linguas oficiais de Galicia.**

## As sentenzas sobre o decreto para o plurilingüismo

Alba Nogueira López

Profesora de Dereito Administrativo da Universidade de Santiago

En tres titulares os fallos establecen que:

1.


Non son ilegais as consultas ás familias para determinar que lingua se usa na escola nin existe liberdade de elección de lingua polos estudantes.

2.

A administración educativa non pode facer abandono das súas competencias de fixación da programación educativa.

Como pais e nais pode sorprenderte que o Tribunal Superior de Xustiza limite o papel das familias no ensino e cómpre unha explicación. A fixación do que se estuda en cada etapa educativa é unha decisión que non lles corresponde ás familias, senón á administración educativa. Pode haber familias que consideren que hai demasiado peso das matemáticas, da relixión ou pensar que en bioloxía debe explicarse a evolución das especies conforme a teorías relixiosas. A educación non pode converterse no ámbito no que unhas familias lles imponen ás outras ideas, máis ou menos pedagóxicas, sobre os contidos formativos. O papel dos poderes públicos é tomar decisións que aseguren unha formación completa para que os nenos e nenas desenvolvan todas as súas potencialidades.

Ese ra-



zoamento serve tamén para a presenza das linguas oficiais no ensino. A normativa educativa esixe que, cando rematen o seu período de ensino obrigatorio, os rapaces e rapazas poidan escoller libremente e usar correctamente ambas as dúas. Só así, desde o coñecemento, terán a capacidade, por exemplo, de presentarse a unha oposición na que lles esixan coñecer as linguas oficiais. E só así poderán ter máis facilidades para relacionarse

3.

O ensino debe conseguir o obxectivo de reequilibrar a situación das linguas.

nun mundo no que a riqueza lingüística abre portas.

Precisamente porque o eixo destas sentenzas xira entorno a este razoamento de que

a fixación dos contidos educativos (e o coñecemento das linguas integra estes contidos) é unha obriga da Administración é polo que as sentenzas non entran a opinar sobre a concreta distribución do uso das linguas nas distintas materias que facía o decreto. No seu razoamento o Tribunal Superior de Xustiza di que o reparto de materias que se imparten en galego ou castelán é

unha das opcións posibles. Terán que ser os poderes públicos, coas avaliacións ás que obriga o decreto, os que, vendo cal é o grao de presenza do galego e do castelán na sociedade, decidan o seu peso no ensino para garantir que os estudantes as aprendan en igualdade de condicións. Do mesmo xeito que se aplican medidas de discriminación positiva para igualar as mulleres, as persoas con discapacidade, pode ser preciso para conseguir o equilibrio no coñecemento das linguas darlle maior peso á que ten unha presenza social menor. Así garantiríamos a igualdade real no coñecemento, que é o que fará verdadeiramente libres as nenas e os nenos para usaren a que prefiran.

{APROBAR ou APRENDER? [1]} Coidado, é unha pregunta trampa. Parecen o mesmo, pero non o son. Aquí, ou é boi, ou é vaca. Pero non as dúas cousas.

Cada vez máis pais e nais axudan os seus fillos nas tarefas escolares. É, polo tanto, inevitable que antes ou despois se atopen na

encrucillada de escoller que camiño seguir:

aprobar ou aprender.

Porque non son, malia que o parezan, sinónimos.

Aprobar é, fundamentalmente, obter unha cualificación de aprobado nunha materia ou nun exame (un 5, ou, se a cousa é algo flexible, un 4,5). Para iso, podemos “chaparnos” os temas do libro de texto que o profesor xa indicou previamente que ía preguntar. Podemos ler uns resumos dos libros de lectura obrigatoria no canto de ler os propios libros, porque levan moito tempo e son un “rollo”. Podemos estudar a metade dos apuntes dos que nos temos que examinar, ou a metade dos mapas, ou a metade das fórmulas. Podemos contestar no exame con catro palabras, como se nos fosen cobrar por calquera cousa que poñamos “de máis”. Podemos incluso preparar algunhas “notiñas” discretas ou fotografar co móbil os apuntes e tratar de botarlles unha ollada en caso de dúbida.

Outra cousa ben diferente, como dicíamos antes, é aprender... pero diso ocuparémonos no próximo número.


**AVISO  
EXAMENES**

# CADENCIAS

Gracia Santorum

## Para ver

**Contos do camiño** [OQO]. Serie de animación audiovisual con música orixinal e universos plásticos distintos e innovadores, cunha calidade avalada por premios e candidaturas en festivais internacionais especializados, que recolle nove relatos do catálogo da editorial: o divertido periplo da pota que trota, as dificultades dunha tartaruga para poder durmir ou as peripecias de toda unha familia para rescatar un gato dunha árbore son algunhas das aventuras adaptadas coa técnica de animación stop-motion.



## Para ler

**O baile diminuto** [Kalandraka]. A natureza como protagonista é o que nos ofrece este poemario infantil absolutamente delicioso de María José Ferrada con ilustracións de Sole Poirot. Pero falamos dunha natureza diminuta, de insectos que descubriremos con outros ollos grazas a estas rimas que nos axudan a escoitar zunidos e descubrir primaveras. As ilustracións mesturan estes insectos con faces humanas, ao igual que mesturan técnicas, achegándonos a maxia do interrogante e o enigmático das súas formas.



## Para visitar

**Museo de Lugo.** Declarado Ben de Intere Cultural, o Museo de Lugo é un Museo moi variado con obxectos que van do máis antigo da prehistoria ata mostras da arte actual. Ofrece obradoiros para todas as idades nos períodos vacacionais e en sábados, mesmo moitas tardes da semana. Moitas das actividades van dirixidas a toda a familia, incluíndo a avós e avoas. O museo tamén oferta visitas guiadas para grupos familiares e visitas organizadas por ANPAS.



# Da lingua

## Sobre a aprendizaxe de idiomas

Un dos asuntos que máis preocupa as familias no ámbito educativo vén sendo o da aprendizaxe de idiomas. Na sociedade do século XXI semella imprescindible que as nosas fillas e fillos adquiran a capacidade de se comunicaren en diversas linguas, e non só por motivos laborais, senón tamén por enriquecemento intercultural. Por tanto, as decisións políticas e legislativas que regulan a cuestión do plurilingüismo no sistema educativo galego resultan transcendentales e, por iso mesmo, provocan debate social.

O sentido común ditamina que a cuestión do plurilingüismo non se pode contaminar de posicionamentos políticos que, baixo unha apelación á liberdade, agochan unha marginación do galego no sistema educativo. Dificilmente se pode exercer o plurilingüismo se leva implícito o descoñecemento da lingua propia de Galicia.

Neste contexto, o decreto do plurilingüismo que a Xunta aprobou no 2010, e que vén de ser parcialmente anulado por diversas sentenzas do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, leva tempo sendo cuestionado desde diversos organismos e entidades educativas, sobre todo porque rompeu os difíciles consensos que se foron tecendo a partir da Lei de Normalización Lingüística do ano 1983.

Así pois, o decreto non debe ser xulgado como bo ou malo por cuestións ideolóxicas, senón pedagóxicas. Non existirá verdadeiro plurilingüismo se os nosos mozos e mozas, ao rematar os estudos obrigatorios, non alcanzan unha competencia mínima para se comunicaren en galego con certa naturalidade.

Porque, sen coñecemento previo, onde está a liberdade para falar unha ou outra lingua?

